


Pescuda no arquivo: A vida na Galicia do XVIII



02. A medicina no século XVIII

O **documento** estudado nesta ocasión danos a coñecer de primeira man o **intrusionismo** no mundo da **menciña** do século XVIII. Un pretendente a **sangrador** finxe ser médico, tendo como **único mérito** facer crer aos seus pacientes que coñece as **doenzas** e os seus **remedios**, con **grave risco** para as súas **vidas**.

Un dos medicamentos que utiliza denomínase ***crocus metallorum***, unha combinación de **sulfuro** e **óxido antimónicos**, de cor **amarelo**, que se utilizou ata finais do século XIX como **emético**, **purgante** e **febrífugo**, aínda que ás veces estivese **prohibido**.

Dioscórides e **Plinio** xa o coñecían na Antigüidade, e **Geber**, un famoso alquimista sufi árabe do século VIII, tamén. Atribúese a súa **preparación** e aplicación a **Joseph du Chesne** (1545-1609), médico francés seguidor de **Paracelso**. A administración era de **3 a 4 grans** por noite en 2 onzas de **viño**. Porén, nas **farmacopeas** do século XIX perdeu importancia.

SOLUCIÓNS SOBRE O REMEDIO DE BOTICA

1. Como se denomina ese remedio no texto?

Crocus metallorum

2. Cal era o seu compoñente principal?

O **antimonio**

3. Para que se prescribía?

Como **purgante** e **vomitivo** e **antipirético**

4. Como resultaba máis efectivo?

Sen quentar, só mesturado con **viño**

5. É axeitada a dose que se receita no documento?

Non, sería **mortal**

6. Era legal o seu uso no século XVIII?

Parece que na época do noso documento estaba **permitida** a súa **prescripción**, incluso a reis, como **Luis XIV** de Francia, e as súas propiedades foron recollidas en obras sobre **farmacoloxía** publicadas pola propia **Imprenta Real**

O venres 2 de abril presentaremos un pequeno **apuntamento** histórico sobre as **profesións** relacionadas coa **medicina**.